



SECTOR LÁCTEO

INFORME SECTORIAL 8

Informe comercio exterior do sector lácteo de xaneiro a setembro de 2023



Fundación Juana de Vega
2024



Fundación
Juana de Vega



Informe comercio exterior do sector lácteo de xaneiro a setembro de 2023

Preséntase neste breve informe o comercio exterior de produtos lácteos de leite de vaca de España nos primeiros 3 trimestres de 2023 e a evolución desde o ano 2019.

As exportacións ata setembro de 2023 superaron as 290 mil t de produto (Figura 1), representando os queixos un 25% dos produtos exportados, mentres que o leite líquido e os iogures tamén superaron o 20%. Pola súa parte, as importacións alcanzaron as 530 mil t, das que un 46% eran queixos, que representa máis de 240 mil t, cifra próxima ao total de produtos exportados. Tras os queixos, os principais produtos importados foron o leite líquido e o leite en po, cun 22% e un 13% do total, respectivamente.



**Exportacións por produtos lácteos leite vaca (t e %) xaneiro-setembro 2023 en España****Importacións por produtos lácteos leite vaca (t e %) xaneiro-setembro 2023 en España**

Figura 1. Exportacións e importacións de produtos lácteos (leite de vaca) ata setembro de 2023 (t e %).

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Para ter unha imaxe máis real do leite que se moveu nas exportacións e importacións, a continuación preséntanse as cifras en equivalentes lácteos, xa que por exemplo, para 1 kg de manteiga necesítanse arredor de 11,5 kg de leite ou segundo o tipo de queixo entre 4 e 8,5 kg.



Tras 4 anos bastante estables, na Figura 2 pode verse como por primeira vez nos últimos 5 anos as exportacións caen por debaixo do millón de t nos primeiros 9 meses do ano, situándose en 930 mil t, un -17% comparado coas exportacións do ano 2022.

Exportacións España entre xaneiro e setembro en Eq. lácteos (t) leite vaca




Figura 2. Exportacións de produtos lácteos (t equivalentes lácteos) ata setembro (2019-2023).

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

A imaxe cambia respecto ao vista na Figura 1, xa que aínda que o queixo segue sendo o produto con máis peso nas exportacións, aumenta ata o 41% en equivalente lácteos (Figura 3) e modifica a importancia dos outros produtos, pasando a nata a representar o 21% e a manteiga o 17% das exportacións, mentres que leite líquido e iogures quedan no 5% e 4% respectivamente.





Exportacións por produtos lácteos en eq. lácteos leite vaca (t e %) xaneiro-setembro 2023 en España




Figura 3. Exportacións por produtos lácteos (t eq. lácteos e %) ata setembro de 2023.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Na Figura 4 pode observarse como no ano 2022 rompeuse a redución anual de máis de 100 mil t de leite equivalente importado ata o mes de setembro rexistrada desde 2019, aumentando en case 500 mil t, situándose por riba dos 2,5 millóns de t, máis de dúas veces o leite exportado nese ano. A nota positiva é que no ano 2023 non se aprecia un aumento nas exportacións, descendo incluso nun leve 0,9%.

Importacións España entre xaneiro e setembro en Eq. lácteos (t) leite vaca




Figura 4. Importacións de produtos lácteos (t equivalentes lácteos) ata setembro (2019-2023).

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.



Se xa en produto os queixos eran as importacións maioritarias, en equivalente lácteos case representan dúas terceiras partes do leite de vaca procedente doutros países (Figura 5), quedando moi lonxe o leite en po e a manteiga cun 15% e 10%, respectivamente.

Importacións por produtos lácteos en eq. Lácteos leite vaca (t e %) xaneiro-setembro 2023 en España




Figura 5. Importacións por produtos lácteos (t eq. lácteos e %) ata setembro de 2023.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Como consecuencia dos resultados observados anteriormente, o déficit do comercio exterior de produtos lácteos de leite de vaca aumentou ata 1,6 millóns de t no acumulado ata setembro de 2023 (Figura 6), disparándose en dous anos nun 41%, debido ao aumento das importacións de 2022 e a redución das exportacións de 2023. Esta cifra representa un 29,4% do leite producido en España ata setembro de 2023 (5.554.511 t).


**Déficit comercio exterior España entre xaneiro e setembro en Eq. Lácteos (t) leite vaca**

Figura 6. Déficit comercio exterior produtos lácteos (t equivalentes lácteos) ata setembro (2019-2023).

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Na Figura 7 preséntanse os datos mensuais das importacións de leite a granel desde o ano 2019. Cando se produce un aumento nestas importacións, como o rexistrado durante o 2022 e 2023, a nivel social ten gran repercusión, inflúe no comercio interior e nos prezos pagados aos gandeiros, pero o peso no comercio exterior segue sendo relativamente baixo. As 22 mil t importadas ata setembro de 2019 representaban un 0,9% do total, mentres que as 89 mil t importadas ata setembro de 2023 representaban un 3,5% do total. Porén, desde xullo semella que este tipo de importacións están comezando a descender de novo, pasando das 12 mil t dos meses de primavera ás menos de 7 mil t de setembro, polo que nos próximos meses comprobarase se foi un descenso puntual ou é o inicio dun cambio de tendencia.


Importacións de leite de vaca a granel (t) - España

Figura 7. Importacións mensuais de leite a granel (t) entre os anos 2019 e 2023 en España.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Cada vez estéselle dando maior importancia a nivel de sector ao que leva sendo o gran problema do comercio exterior de produtos lácteos de leite de vaca de España, que é a entrada de queixos. Na Figura 8 pode observarse como é moi estable, movéndose entre as 150-200 mil t de leite equivalente mensual, o que significa un pouco menos que a produción conxunta das comunidades coa 2ª, 3ª e 4ª maior produción de España (Castela e León, Cataluña e Andalucía), 1,65 millóns de t de leite equivalente en queixos ata setembro de 2023 vs. 1,85 millóns de t de leite producidos por esas 3 comunidades. En canto ao peso nas importacións totais tamén se mantén bastante estable, arredor do 64% ata setembro do 2019 e 2020, ascendendo ao 66% no 2021, ao 67% no 2022 e volvendo ao 64% no que vai de 2023.




Figura 8. Importacións mensuais de queixos (t eq. lácteos) entre os anos 2019 e 2023 en España.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Por último, na Figura 9 pode verse o peso do leite equivalente importado dos principais produtores europeos. Os dous maiores produtores europeos, Alemaña e Francia exportan cara España unha cifra similar, case medio millón de t de equivalentes lácteos ata setembro, un 19% do total importado por España cada país. Pero o país ao que España compra máis produtos lácteos de vaca (en leite eq.) son os Países Baixos, 4º produtor europeo, superando as 630 mil t, un 25% do importado. Un peso menor teñen Polonia, que aínda sendo o 3º produtor europeo só representa nas importacións españolas o 2% do total, e Italia, 5º produtor europeo, que representa un 8%. Destes 5 países veñen o 73% das importacións de leite equivalente de vaca, quedando 700 mil t para o resto de países europeos e mundiais.



Importacións por países en eq. Lácteos leite vaca (t e %) xaneiro-setembro 2023 en España




Figura 7. Importacións por países (t eq. lácteos e %) ata setembro de 2023.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

SERVIZO DE ESTUDOS E INFORMES SECTORIAIS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

ISSN: 2792-3789



Fundación
Juana de Vega